

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 28 DE AGOSTO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e oito de agosto de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas corenta minutos á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 23 de agosto de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- CONTRATACIÓN DUN (1) TRABALLADOR AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) 2024**

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 14 de agosto do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo

para a contratación dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do Programa Aprol rural para o fomento do emprego no medio rural 2024.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de peón forestal (RS núm. 616, do 14/08/24). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Peón forestal (oferta núm. [REDACTED])

- Busuioc Liviu, Ionut
- Carral Viana, Jesús
- León Flórez, Juan Carlos
- Payo Faílde, David
- Salgado González, José Manuel

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos candidatos preseleccionados un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os seguintes candidatos:

- Payo Faílde, David (RE núm. 1353, do 23/08/24)
- León Flórez, Juan Carlos (RE núm. 1360, do 23/08/24)

Por Resolución da Alcaldía de data 27/08/24 todos os presentados foron admitidos ao proceso selectivo.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 27 e 28 de agosto do corrente, ambos inclusive, co seguinte resultado final:

CANDIDATO	PROBA PRÁCTICA	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
PAYO FAÍLDE, DAVID	11,66	0,70	12,36
LEÓN FLÓREZ, JUAN CARLOS	8,33	2,05	10,38

O Tribunal cualificador efectúa proposta de contratación a favor do candidato que obtivo a maior puntuación no proceso selectivo: David Payo Faílde.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo (37,5 horas/semana), por un período de nove meses, do traballador que deseguido se sinala:

Peón forestal

NOME E APELIDOS	DNI
DAVID PAYO FAÍLDE	██████████

RESERVA:

JUAN CARLOS LEÓN FLÓREZ

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

***3.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DE CUBERTA EN PISTA DE PÁDEL EXISTENTE”***

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 19 de marzo de 2024, foi aprobado o proxecto técnico básico da obra de “CONSTRUCCIÓN DE CUBERTA EN PISTA DE PÁDEL EXISTENTE EN PARCELA DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE RODEIRO”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, con data marzo de 2024, cun importe total de execución por contrata de SESENTA E CATRO

MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (64.999,97 €), IVE incluído.

A Deputación Provincial de Pontevedra, por resolución de data 07/05/24, concedeu ao Concello unha subvención para dita obra por importe de 31.764,58 € ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, publicadas no BOP núm. 245, correspondente ao día 22 de decembro de 2023 – Expediente núm. [REDACTED].

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación do presente contrato vén fundamentada nas competencias propias que ostenta o Concello en materia de “*promoción do deporte e instalacións deportivas (...)*”, segundo o establecido no artigo 26.1 I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de “CONSTRUCCIÓN DE CUBERTA EN PISTA DE PÁDEL EXISTENTE”, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado sumario, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

#### **4.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA EN PERÍODO LECTIVO PARA O CURSO 2024-2025” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO**

A Concellería de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade denominada “*Concilia en período lectivo para o curso 2024-2025*”, que se desenvolverá dende o día 11 de setembro do corrente ata o remate do curso académico 2024-2025. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o período lectivo do curso escolar 2024-2025. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico. Como novidade na presente edición prográmase un servizo madruga que se prestará de luns a venres en horario de 08:00 a 09:30 horas.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A nivel organizativo a actividade rexeráse polas Bases reguladoras do servizo de campamentos e servizos de conciliación do Concello de Rodeiro, aprobadas por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 8 de xuño de 2022
- ✓ A actividade desenvolverase de luns a venres, agás días non lectivos e períodos vacacionais segundo o calendario escolar de Galicia para o curso académico 2024/2025. Dará comezo o día 11 de setembro de 2024. As datas de comezo e final da actividade correspóndese exactamente co inicio e final do período lectivo do curso escolar 2024/2025.
- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive, empadroados/as no Concello de Rodeiro.
- ✓ A programación desenvolverase nos seguintes horarios:
  - 08:00 a 09:30 horas, de luns a venres (servizo madruga).
  - 16:20 a 20:20 horas, de luns a xoves; e os venres de 13:50 a 17:50 horasEste horario pode sufrir algunha modificación de cambiar o horario de remate da xornada do CPI de Rodeiro para adaptarse á mesma.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do Concello ou a través da sede electrónica. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando os días da semana e horario no que acudirá. Os/as menores inscritos/as no programa de Concilia con anterioridade terán que presentar a solicitude

- e unicamente a documentación complementaria que non conste no seu expediente, ou a que sexa preciso actualizar como a referente á situación económica.
- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade Concilia Rodeiro establécese entre os días 2 e 10 de setembro de 2024 (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres poderanse inscribir menores ata completar as prazas existentes.
  - ✓ Fíxase un máximo de 10 prazas para o servizo en horario de mañá (servizo madruga), e de 30 prazas para o servizo de concilia en horario de tarde. Poderá haber máis de 30 inscricións no programa pero non superar as 30 prazas en cada día da semana en horario de tarde, e as 10 no horario de mañá.
  - ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas terán prioridade en primeiro lugar as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero, unidades familiares con mulleres maiores de 45 anos, en situación de desemprego ou unidades familiares nas que a nai soporte outras cargas familiares a maiores do coidado das crianzas. En segundo lugar terán prioridade as unidades familiares nas que ambos proxenitores traballen, ordenados de menor a maior renda e a continuación o resto de unidades familiares que presenten solicitude ordenados de menor a maior renda.
  - ✓ O custe mensual pola asistencia ao programa fixarase en base ao establecido na Ordenanza que establece o prezo público pola prestación de servizos e actividades educativas do Concello de Rodeiro (BOP núm. 194, do 07/10/10). Para valorar o nivel de renda da unidade familiar e así fixar o prezo público a abonar, terase en conta o exercicio fiscal 2023. De non ter presentada a declaración de IRPF de 2023 pedirase o último certificado de rendementos imputables dispoñible. As persoas solicitantes que non aporten documentación económica pagarán o prezo público máximo segundo as horas de asistencia.

## ***5.- SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA LIÑA 3 DO PLAN MÁIS PROVINCIA 2024***

No Boletín Oficial da Provincia núm. 2, correspondente ao día 3 de xaneiro de 2024, publicáronse as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia 2024).

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 24 de xaneiro de 2024, solicitouse unha subvención por importe de CENTO VINTE E DOUS MIL CATROCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (122.487,26 €) con cargo á Liña 3 – Activación do Emprego 2024 – do dito Plan,

con destino ao financiamento da contratación de doce (12) traballadores/as desempregados/as.

A Deputación Provincial, por acordo da súa Xunta de Goberno adoptado en data 09/02/24, concedeu a axuda solicitada (expediente núm. [REDACTED]).

A imposibilidade de contratación do posto de traballo de monitor-socorrista inicialmente previsto, ao quedar deserta a oferta pública de emprego presentada ante o SPEG por ausencia de candidatos/as, e á atención ao interese público municipal, aconsellan modificar o perfil profesional subvencionado de monitor-socorrista polo de “*auxiliar administrativo*”, dentro do servizo denominado “*mantemento de servizos básicos*”. O/a traballador/a a seleccionar realizará as funcións propias da súa formación nas distintas áreas de xestión municipal que se lle encomenden. Poderá ser destinado na Casa do Concello ou no Centro Cultural Municipal, indistintamente, para cubrir eventualidades de persoal que puideran acontecer (vacacións, permisos, etc.).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar da Deputación Provincial a modificación do acordo de concesión de subvención con cargo á Liña 3 – Activación do Emprego 2024 – do Plan Máis Provincia 2024, axustándoo ao mesmo importe da subvención concedida, con destino ao financiamento da contratación de doce (12) traballadores/as desempregados/as, cos seguintes perfís profesionais:

- ✓ 1 traballador/a social en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de cinco (5) meses.
- ✓ 1 educador/a social en xornada completa (37,5 horas/semana), por un período de nove (9) meses e catorce (14) días.
- ✓ 2 técnicos/as superiores en educación infantil, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de nove (9) meses e catorce (14) días.
- ✓ 1 auxiliar administrativo, en xornada parcial (30 horas/semana), por un período de tres (3) meses.
- ✓ 3 peóns de servizos diversos, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de nove (9) meses e catorce (14) días.

- ✓ 4 peóns de servizos diversos, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de seis (6) meses e dezaseis (16) días.

Segundo.- Aprobar a memoria descritiva modificada denominada “*Memoria global dos servizos Plan Máis Provincia. Liña 3 “Programa de activación do emprego 2024”*”.

Terceiro.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de CERO EUROS (0,00 €), sendo este órgano o competente para comprometer as achegas.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

## **6.- CONCESIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE**

A/

VISTA a solicitude presentada por Dona Antonia Almansa Soto (RE núm. 1339, do 23/08/24), e a proposta de resolución emitida con data 23/08/24 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona ANTONIA ALMANSA SOTO, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Toiriz, parroquia de Arnego.

B/

VISTA a solicitude presentada por Don José Javier Hermida Vales (RE núm. 1340, do 23/08/24), e a proposta de resolución emitida con data 23/08/24 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con

minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don JOSÉ JAVIER HERMIDA VALES, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

## 7.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Por Resolución de data 17 de xullo de 2024, Augas de Galicia concedeu unha subvención, por importe de 6.582,40 €, para o financiamento da actuación denominada “*realización dunha auditoría dos sistemas de abastecemento no Concello de Rodeiro encamiñada á elaboración dun plan de actuación para minimizar as perdas de auga*”, ao abeiro da Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (DOG núm. 19, do 26/01/24).

A motivación do presente contrato vén fundamentada na competencia propia que ostenta o Concello en materia de “*abastecemento de auga potable a domicilio*”, establecida na letra c) do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida para tal fin por Augas de Galicia con cargo á convocatoria referida (expediente [REDACTED]).

Vistos o orzamento presentado con data 21/02/24, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola Alcaldía con data 28/08/24, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na realización dunha auditoría dos sistemas de abastecemento no

Concello de Rodeiro encamiñada á elaboración dun plan de actuación para minimizar as perdas de auga, á sociedade SUARNAS SISTEMAS S.L., con CIF núm. ██████████, e con domicilio social en Mos (Pontevedra), ao prezo de OITO MIL DOUSCENTOS VINTE E OITO EUROS (8.228,00 €), IVE incluído.

Segundo.- O prazo de execución do contrato, excepto a concesión de prórroga por parte de Augas de Galicia, remata o día 30 de setembro do corrente.

Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 161/227 do presuposto en vigor.

## **8.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE RÍO**

VISTO o escrito presentado por Don José Manuel Crespo Rodríguez, con DNI núm ██████████, veciño do lugar de Mouriz, parroquia de Río (RE núm. 1358, do 23/08/24), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santa María de Río celebradas os pasados días 15 e 16 de agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

## **9.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- DAVID MERELAS FIGUEROA 792,00 €

Por representación do espectáculo “MeRe-cidamente” dentro da programación Cultura no Camiño 2024, s/factura núm. 2024-54 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
*(sinatura dixital)*

O alcalde,  
*(sinatura dixital)*